

Estimado/a director/a:

Unha vez publicado polo Ministerio de Sanidade o día 9 de febreiro o Real Decreto 115/2022, de 8 de febreiro, polo que se modifica a obrigatoriedade do uso de máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e diante das dúbidas xurdidas no ámbito educativo e a necesidade de interpretación da norma, por parte do Ministerio de Educación e Formación Profesional achégasenos o seguinte documento interpretativo:

Aplicación de la legislación sobre la obligatoriedad del uso de mascarilla en centros educativos (Real Decreto 115/2022, de 8 de febrero, por el que se modifica la obligatoriedad del uso de mascarillas durante la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19)
(https://www.sanidad.gob.es/profesionales/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/documentos/COVID-19_Obligatoriedad_mascarillas_centros_educativos.pdf)

elaborado na Ponencia de Promoción da Saúde do Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud.

A modo de resumen, este documento do Ministerio de Sanidade establece que:

- 1. O uso de máscara en interiores continúa a ser obrigatorio para todas as persoas maiores de 6 anos (e recomendable para maiores de 3 anos) salvo aquelas casuísticas previstas na normativa.*
- 2. O uso de máscaras en espazos ao aire libre será obrigatorio naqueles casos específicos nos que se organicen eventos multitudinarios nos que os asistentes estean de pé, ou se están sentados e non se poda manter unha distancia de seguridade de cando menos 1,5 metros entre persoas.*

Puntualiza o documento que, tendo en conta a definición da OMS de evento multitudinario e dadas as medidas actuais de limitacións en centros educativos, así como a interpretación da norma respecto a eventos multitudinarios, considérase que a interacción nos centros educativos na actividade educativa ordinaria ao aire libre non se corresponde con eventos multitudinarios.

- 3. O resto de previsións da [Declaración de Actuaciones Coordinadas \(DAC\) en Salud Pública frente al COVID-19 para centros educativos durante el curso 2021-2022](#) e no documento de "[Medidas de prevención, higiene y promoción de la salud frente a COVID-19 para centros educativos](#)", seguen en vigor. Respecto da limitación de contactos, lémbrese que deberán evitarse de maneira xeral aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura de alumnado de diferentes grupos de convivencia ou clases; mantendo a distancia interpersonal a excepción das persoas que forman parte dun mesmo grupo de convivencia estable.*

A aplicación da medida de limitación de contactos, que establece este último punto do documento do Ministerio de Sanidade, obriga a comunidade educativa a preservar que a interacción sexa por clase ou garantindo unha distancia mínima de 1,5 metros se hai contacto entre distintos grupos burbulla. A este respecto, o Subcomité Clínico da Consellería de Sanidade entende que esta medida diminúe os riscos. Non obstante, co obxectivo de velar pola saúde pública, especialmente do alumnado sen pauta de vacinación completa; e tamén en aras de facilitar a organización nos centros educativos, cando polas súas dimensións ou características nalgún momento puntual tivesen lugar aglomeracións, a recomendación do Subcomité Clínico é que nestes casos si se use a máscara.

Moitas grazas pola súa colaboración,